



CAMPAÑA CORPUS 2021

BASES DE PARTICIPACIÓN

1- OBXECTO:

O obxecto desta campaña é a participación de todas aquelas persoas e locais de negocio na actividade de decoración floral que substitúe á festa de interese turístico autonómico **ALFOMBRAS FLORAIS DE ARES**, cancelada outro ano máis por mor das restricións derivadas da pandemia provocada pola Covid19

A actividade obxecto de participación consiste en decorar con flores fiestras, portas, accesos, escaparates, balcóns de vivendas particulares e negocios. Terá que ser visible dende o exterior.

Ademáis se pretende incentivar o consumo no comercio local toda vez que os premios obtidos no concurso serán canxeables no comercio e hostalería local .

2- PROCEDEMENTO:

As persoas interesadas en participar deberán adornar algún dos espazos indicados no apartado anterior durante a fin de semana do 5 e 6 de xuño de 2021 e enviar unha fotografía da decoración, indicando o espazo no que se atopa e os datos persoais e de contacto.

A fotografía enviarase por mail a cultura@concellodeares.com ou por whatsapp ao número 69002106.

Prazo máximo: 6 de xuño ás 22:00 h

O concello de Ares comprométese:

1-Organizar e impulsar a campaña

2-Proporcionar a publicidade necesaria para o bo desenvolvemento da campaña (carteis, difusión nas redes sociais, páxina web, prensa,...)

3-Realizar o seguimento e resolver cantas cuestións se poidan plantexar.

3- PREMIOS

O sorteo de premios realizarase entre todas as fotografías recibidas que cumpran os requisitos do apartado 2.



Existen 4 premios de 100 euros cada un para decoracións de particulares
Existen 2 premios de 100 euros cada un para decoracións de locais de negocio.

Os participantes que resulten agraciados, estarán obrigados a gastar as cantidades premiadas, en calquera dos establecementos adheridos tanto de hostalería como do pequeno comercio.

Os vales premiados, serán entregados polos empresarios ou donos dos establecementos nos que se canxeen en ABANCA, para que ésta proceda ao seu abono.

Os vales de compra se fraccionarán por vales de importe inferior ata completar o seu importe total para que poidan ser canxeados con maior facilidade.

Todos os comercios adheridos, disporán dun cartas do Corpus 2021 identificándose como establecemento adherido á campaña.

4- SORTEO:

O Sorteio dos premios se realizará o luns 7 de xuño ás 20:00 h e se retransmitirá en directo a través do Facebook da páxina da Biblioteca municipal.

5- PRAZO PARA CANXEAR OS VALES:

O prazo para que as persoas gañadoras canxeen os vales comeza o 8 de xuño e remata o 31 de xullo de 2021.

Os comerciantes poderán ir a cobrar os vales entregados polos premiados ata 0 15 de setembro de 2021.

Cada establecemento que se adhira a esta campaña e as persoas que participan nela, aceptan o contido destas bases polo mero feito da súa participación e adhesión.

O concello de Ares como responsable do tratamento, informa que os datos que nos faciliten voluntariamente en relación coa participación neste concurso, serán tratados coa finalidade de participar e entregar os premios do concurso de decoración floral, estando lexitimado para iso polo consentimento que os participantes expresamente nos outorgan co envío dos datos e que poden retirar en calquera momento.

Os datos recopilados serán tratados única e exclusivamente coa citada finalidade e non serán cedidos ou comunicados a terceiros, agás o nome das persoas gañadoras que poderán ser expostos na web e redes sociais do Concello.

Os datos das persoas participantes destruíranse unha vez rematado o concurso.



Todas as persoas participantes teñen dereito a solicitar, en calquera momento, o acceso, rectificación, cancelación ou supresión, oposición ou a limitación do seu tratamento ou a portabilidade de datos. Eses dereitos poderá exercerlos mediante solicitude, remitida ao Concello de Ares . Asimesmo, teñane dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).